Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Paradela polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 29301 - 23190 (12/PRE-006288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Boqueixon polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28745 - 23193 (12/PRE-006291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Brión polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

BOPG n.º 189f2, do 21.04.2025

- 29300 - 23197 (12/PRE-006295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Poio polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9796**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a eventual realización por parte do Goberno galego dun estudo respecto da eficacia das súas políticas de loita contra os incendios forestais, as medidas preventivas e as cantidades orzadas desde o ano 2023, así como as accións en silvicultura preventiva realizadas desde xaneiro de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de qué facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregáronse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estanse a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

Para este tipo de actuacións a Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando loxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio. A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Ademáis do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como selvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29431
Data envío: 23/07/2025 08:32:07,769

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9799**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as dificultades que atopan os concellos para a formación das brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais por falta de persoal e a eventual reformulación do modelo por parte do Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A diminución no número de brigadas municipais nestes últimos anos é motivo de preocupación para o goberno galego.

No ano 2023, e por un período de dous anos, asináronse os convenios de colaboración coas distintas entidades locais de Galicia para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que contemplan actuacións de vehículos motobomba, tratamentos preventivos de xeito mecanizado e tamén as de brigadas, en labores de prevención e extinción de incendios forestais. No 2024 formáronse un total de 137 brigadas, quedando sen constituír un total de 46.

Non podemos esquecer o que se recolle de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que é a colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Non se pode acusar ao goberno de inmovilismo, visto o comentado xa en anteriores ocasións sobre as continuas melloras que se están a facer no convenio:

- Aumento da dotación económica.
- Novas actuacións subvencionables e aumento de prezos unitarios nos traballos preventivos das brigadas.
- Simplificación da documentación a aportar polas entidades locais.
- Ampliación das titulacións admitidas para o posto de xefe de brigada.
- Reforzo da formación para os compoñentes das brigadas e condutores de vehículos MB.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Aínda así a Xunta segue traballando e buscando alternativas nesta colaboración, como se amosou coa sinatura de dous novos protocolos de colaboración coas Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, que teñen por obxecto establecer as bases da colaboración para desenvolver actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, co fin de dotar de medios materiais e formación especializada ao persoal de distintas entidades locais das dúas provincias. Ademais, o protocolo coa Deputación de Ourense contempla o desenvolvemento de catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios forestais por un período de seis meses en catro mancomunidades, experiencia da que se poderán extraer resultados a trasladar a outras zonas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 20:52:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29193
Data envío: 18/07/2025 20:52:12.115

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9802**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"os datos e a evolución da concentración parcelaria en Galicia, o número de persoas ligadas ás concentracións e con vínculo na economía agraria, así como a superficie concentrada afectada polos lumes forestais e a que forma parte do Banco de Terras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A subdirección de mobilidade de terras responde á consulta, xa que o Banco de Terras de Galicia está xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base ao artigo 35 da lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

As concentracións parcelarias non forman parte do Banco de Terras. Segundo o artigo 36.1.a) da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, incorpóranse ao Banco de Terras as masas comúns procedentes dos procedementos de concentracións parcelarias con data de firmeza do acordo posterior á da entrada en vigor da Lei 10/1985 de concentración parcelaria de Galicia e nos de reestruturación parcelaria regulados na Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial de Galicia; con aptitude para os fins do Banco de Terras.

A información das parcelas xestionadas polo Banco de Terras atópase publicada na web da Axencia: <https://agader.xunta.gal/gl/banco-de-terras/datos-principais/>

Os datos xerais das parcelas incorporadas no Banco son:

Total de parcelas no Banco de Terras			
Provincia	Nº parcelas	Sup. (ha)	Media (ha)
A Coruña	5.649	2.620,11	0,46
Lugo	3.291	1.952,11	0,59
Ourense	6.548	1.818,34	0,28
Pontevedra	2.299	646,61	0,28
Galicia	17.787	7.037,16	0,40

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Desagregando por titularidade:

Total de parcelas no Banco de Terras (Desagregación por titularidade)									
Provincia	Propiedade de Agader			Propiedade de terceiros			Convenios descoñecidos		
	Nº parcelas	Sup. (ha)	Sup. media (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)	Sup. media (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)	Sup. media (ha)
A Coruña	5.462	2.258,57	0,41	143	267,10	1,87	44	94,43	2,15
Lugo	2.321	1.699,63	0,73	963	245,34	0,25	7	7,14	1,02
Ourense	2.969	942,39	0,32	3.569	874,55	0,25	10	1,39	0,14
Pontevedra	2.139	541,34	0,25	159	105,08	0,66	1	0,19	0,19
Galicia	12.891	5.441,93	0,42	4.834	1.492,07	0,31	62	103,15	1,66

En canto á desagregación por estado de arrendamento:

Desagregación por estado de arrendamento										
Provincia	Arrendada		En proceso de arrendamento		Dispoñible		Non arrendable		Outras causas	
	Nº parcelas	Sup. (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)	Nº parcelas	Sup. (ha)
A Coruña	745	630,81	337	243,27	2.051	444,35	992	748,69	1.524	552,98
Lugo	1.116	602,65	353	396,34	1.179	482,76	462	410,16	181	60,20
Ourense	2.352	728,70	176	61,69	2.724	685,94	382	144,17	914	197,84
Pontevedra	171	85,91	126	47,44	1.098	224,57	282	140,81	622	147,88
Galicia	4.384	2.048,07	992	748,73	7.052	1.837,62	2.118	1.443,84	3.241	958,90

Parcelas non arrendables: por ter unha construción, un depósito, por estar solicitadas para cesión a concellos ou por causas similares

Outras causas: parcelas en proceso de incorporación, depuración de datos ou pendentes de inspección

Neste momento, no Banco de Terras hai incorporadas un total de 12.891 parcelas titularidade da Axencia, que se corresponden con masas comúns procedentes de Concentración/Reestruturación parcelaria, e que pertencen a un total de 372 zonas de Concentración/Reestruturación parcelaria. Están arrendadas un total de 1.541 masas que supoñen unha superficie de 1.279 hectáreas.

O artigo 37 da LRTAG indica que os predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia estarán destinados a actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou mixtas. Igualmente, poderán utilizarse para a implantación de infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais ou que teñan que localizarse no medio rural, e para outros fins compatibles coa súa natureza.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A información dos predios incorporados pode consultarse en SITEGAL, que é a ferramenta informática de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural empregada polo Banco de Terras de Galicia para a xestión integral e o desenvolvemento das súas funcións ordinarias que inclúe a posta á disposición das persoas usuarias do Catálogo de predios dispoñibles. Este catálogo inclúe información sobre a identificación, a localización, a superficie, as actividades admisibles e o prezo de saída do predio, poden consultarse en <https://sitegal.xunta.gal/sitegal>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 20:52:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29192
Data envío: 18/07/2025 20:52:05.219

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9812**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a situación da produción agraria da comarca da Limia despois dos efectos da meteoroloxía adversa dos pasados meses, a valoración técnica por parte da Xunta de Galicia dos danos causados e as previsións respecto da convocatoria de axudas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 13292 e debatida no Pleno do 22 de outubro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmE3ZDk5YzAtYjU4MC00NDViLTlkNTUtNGUzMmZiMmMxZTE3>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29430
Data envío: 23/07/2025 08:32:02.379

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9972**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a seguridade da poboación e dos propios brigadistas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando as brigadas están incompletas ou sen xefe/a de brigada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 9970 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:31:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29428
Data envío: 23/07/2025 08:31:49.274

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10237**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a adaptación do Pladiga ás características forestais de cada comarca, a realización dun investimento urxente nas comarcas do Condado-A Paradanta e A Louriña en materia de reforestación e de prevención dos incendios e a consideración da cooperación que poden prestar as comunidades de montes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 10235 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFlkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:31:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29426
Data envío: 23/07/2025 08:31:38,069

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10340**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"os problemas que sofren os concellos para formar as súas brigadas contra os incendios forestais, o número delas constituídas en 2024 e as posibilidades de que a Xunta de Galicia adopte algunha nova medida"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A diminución no número de brigadas municipais nestes últimos anos é motivo de preocupación para o goberno galego.

No ano 2023, e por un período de dous anos, asináronse os convenios de colaboración coas distintas entidades locais de Galicia para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que contemplan actuacións de vehículos motobomba, tratamentos preventivos de xeito mecanizado e tamén as de brigadas, en labores de prevención e extinción de incendios forestais. No 2024 formáronse un total de 137 brigadas, quedando sen constituír un total de 46.

Non podemos esquecer o que se recolle de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que é a colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Non se pode acusar ao goberno de inmovilismo, visto o comentado xa en anteriores ocasións sobre as continuas melloras que se están a facer no convenio:

- Aumento da dotación económica.
- Novas actuacións subvencionables e aumento de prezos unitarios nos traballos preventivos das brigadas.
- Simplificación da documentación a aportar polas entidades locais.
- Ampliación das titulacións admitidas para o posto de xefe de brigada.
- Reforzo da formación para os compoñentes das brigadas e condutores de vehículos MB.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Aínda así a Xunta segue traballando e buscando alternativas nesta colaboración, como se amosou coa sinatura de dous novos protocolos de colaboración coas Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, que teñen por obxecto establecer as bases da colaboración para desenvolver actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, co fin de dotar de medios materiais e formación especializada ao persoal de distintas entidades locais das dúas provincias. Ademais, o protocolo coa Deputación de Ourense contempla o desenvolvemento de catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios forestais por un período de seis meses en catro mancomunidades, experiencia da que se poderán extraer resultados a trasladar a outras zonas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:31:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29424
Data envío: 23/07/2025 08:31:25.118

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10640**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As ferramentas coas que actualmente conta o sector lácteo para a protección das transaccións comerciais entre os distintos elementos da cadea son medidas que veñen a aportar unha transparencia e unha seguridade xurídica superior á de calquera outra época anterior do lácteo en Galicia.

Así, tanto o chamado **Paquete Lácteo** (Real decreto 95/2019) como a **Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria** (Lei 12/2013 e a súa modificación pola Lei 16/2021), viñeron a aportar ao sector, entre outras cousas: transparencia, seguridade xurídica, seguridade de cobro en 30 días e seguridade de recollida do leite. Todas elas non estaban garantidas antes da creación destas ferramentas e, sen embargo, hoxe en día ninguén dubida desas "seguridades" que antes non existían.

Na actualidade, os primeiros compradores de leite están obrigados a ofertar un contrato cunha duración mínima dun ano aos produtores de leite, e posteriormente, serán ambas partes as que negocien os elementos do contrato e asinen, de mutuo acordo, un contrato para a recollida do leite coa duración, prezos e cantidades que acorden.

O produtor poderá rexeitar as condicións ofertadas polo comprador e poderá negociar unhas novas con ese primeiro comprador ou con calquera outro. Pero o máis importante é que, por primeira vez (pois antes da creación destas ferramentas non era posible) o produtor ten unha vía e unha seguridade xurídica para denunciar as prácticas abusivas e os incumprimentos de contrato ante as Administracións, o que o posiciona nunha situación moi diferente á que tiña anteriormente.

Por outra banda, outra posibilidade que o Paquete Lácteo permite aos produtores é a capacidade de formar Organizacións de Produtores Lácteos (OPL) e negociar de maneira conxunta os prezos do seu produto sen que teña consecuencias respecto ás normas de Competencia dos mercados. Esta potencialidade é totalmente novidosa e dota ao sector produtor da súa mellor arma para enfrontarse aos mercados. Porén, en Galicia este tipo de organizacións non está a funcionar e os produtores de leite perden unha oportunidade única que se lle brinda para facerse co mercado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non é moi entendible que cada pouco tempo naza unha nova asociación de gandeiros de leite que reivindicán melloras e que entre todas esas asociacións formen unha OPL forte e operativa que poida chegar a negociar o leite galego.

Xa non ten sentido posicionar como o "elo débil da cadea" á parte produtora como conxunto. É certo que poden existir casos puntuais de debilidade na relación contractual dalgunha granxa en particular pero un sector ao que se lle dota da capacidade legal de organizarse e negociar todo o seu leite e as condicións de venda, non pode definirse de maneira global como "elo débil". A "*posición de privilexio dentro dun abuso de dependencia económica*" é moi relativa cando existe esta posibilidade para o sector produtor tomado en conxunto.

Por outra banda, e falando de prezos, non resulta moi coherente falar de "crise de prezos" no leite cando o prezo dos insumos baixou considerablemente, e así temos que o prezo do penso de vacún de leite atópase un 25% por debaixo das cotizacións do ano pasado por estas datas; resultando en que os marxes por venda de leite son dos mellores nos últimos anos.

Respecto aos prezos pagados polo Grupo CLAS aos gandeiros asturianos respecto aos dos galegos, xa foi aclarado en varias ocasións anteriores: a realidade é que os produtores asturianos son socios da cooperativa asturiana formada neste Grupo, mentres que os gandeiros galegos pertencen a outras cooperativas galegas. Ese diferencial de importe que cobran, chamado "*reparto de valor*" non deixa de ser o retorno cooperativo que se lles fai aos socios e que se inclúe no prezo pagado polo leite, e que os produtores galegos non perciben ao non ser socios.

Ese diferencial polo retorno cooperativo é un reparto de xuros e beneficios polo capital exposto polos socios e non ten repercusión no cómputo de resultados das explotacións, é dicir, ese diferencial de prezos non é relevante nin diferenciador para as marxes de beneficios e non redunda en frear o abandono; e así temos que, como vostedes mesmos alegan na súa exposición de motivos*, en Asturias a porcentaxe de abandono da actividade leiteira é moi superior á galega. Vostedes mesmos se respostan á súa pregunta.

() CLAS fai recollidas en 800 granxas dentro da súa comunidade, mais o peche de explotacións dedicadas á produción leiteira propiciou a súa saída a mercar fóra das súas fronteiras, momento no que entrou en xogo o noso país, que actúa compensando esa falla de entregas. É tanto así que, en Asturias, pechan de 8 a 10 granxas produtoras mensualmente de xeito que, dos 6500 socios actuais de CLAS, só están activos en canto a entregas aproximadamente un 12%.*

Tamén hai que ter en conta que para que os produtores galegos entren a formar parte da cooperativa asturiana, deberán facer un desembolso de diñeiro importante, que despois lle repercutirá nese diferencial do prezo polo retorno.

De todas maneiras, o diferencial de prezos do leite de Galicia con respecto a outros territorios é unha cuestión que debe ser analizada pormenorizadamente, caso a caso, e non xeneralizar entre prezos totais das distintas CCAA.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En todo caso, no momento en que esta Administración atope indicios de diferenciais de prezos con outros territorios que non se poidan xustificar, non dubidará en denuncialos ante a Comisión Galega da Competencia ou ante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), segundo corresponda, como xa se advertiu en ocasións anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:34:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29449
Data envío: 23/07/2025 08:34:45,276

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10769**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as dificultades na constitución de brigadas municipais de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, o seu período anual de actividade e as medidas que prevé destinar o Goberno galego a facilitar a súa formación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2023, e por un período de dous anos, asináronse os convenios de colaboración coas distintas entidades locais de Galicia para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que contemplan actuacións de vehículos motobomba, tratamentos preventivos de xeito mecanizado e tamén as de brigadas, en labores de prevención e extinción de incendios forestais.

No ano 2024 constituíronse un total de 137 brigadas. O goberno galego vén realizando durante estes últimos anos melloras continuas nos convenios que, como se relatou en anteriores ocasións, podemos concretar nos seguintes puntos:

- Aumento da dotación económica.
- Novas actuacións subvencionables e aumento de prezos unitarios nos traballos preventivos das brigadas.
- Simplificación da documentación a aportar polas entidades locais.
- Ampliación das titulacións admitidas para o posto de xefe de brigada.
- Reforzo da formación para os compoñentes das brigadas e condutores de vehículos MB.

Non podemos esquecer o que se recolle de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que é a colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Galicia xa conta cun dispositivo de extinción de incendios suficiente e ben estruturado, no que se inclúen as brigadas e motobombas municipais, cuxo período de operatividade é lóxico que coincida coa época de perigo alto de incendios, pois supoñen un reforzo importante neste dispositivo. Esta colaboración, tanto na prevención como na extinción, constitúe unha valiosa ferramenta no obxectivo común da loita contra os incendios forestais. Tampouco se debe esquecer que o convenio inclúe tamén a opción de traballos preventivos mecanizados, con prazo de actuación ata o 30 de setembro, é dicir, que durante 2024 alongaríase ata os 9 meses.

Aínda así a Xunta segue traballando e buscando alternativas nesta colaboración, como se amosou coa sinatura de dous novos protocolos de colaboración coas Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, que teñen por obxecto establecer as bases da colaboración para desenvolver actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, co fin de dotar de medios materiais e formación especializada ao persoal de distintas entidades locais das dúas provincias. Ademais, o protocolo coa Deputación de Ourense contempla o desenvolvemento de catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios forestais por un período de seis meses en catro mancomunidades, experiencia da que se poderán extraer resultados a trasladar a outras zonas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:34:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29447
Data envío: 23/07/2025 08:34:34.138

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10862**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia ante a necesidade de liberar os stocks das adegas da Ribeira Sacra e garantir a vendima, a planificación do sector cara ao futuro e as accións de promoción e apertura de novos mercados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A problemática dos viños tintos da DO Ribeira Sacra non é exclusiva desta denominación, senón que se enmarca nun contexto negativo a nivel internacional, con caída importante do consumo destes viños e elevación dos custos de produción o que ten implicado dificultades para comercializalo a un prezo que cubra os ditos custos.

Estas dificultades non son en absoluto descoñecidas pola administración autonómica. Na Ribeira Sacra a acumulación de stocks nas adegas comezou na época das restricións á actividade da hostalaría e restauración canda a pandemia, o que motivou que dende a Consellería do Medio Rural se tramitase unha modificación temporal do prego de condicións desta denominación de orixe (Orde do 21 de setembro de 2021, publicada no DOG do 27.09.2021) para permitir o almacenamento de viño en instalacións situadas fóra do seu territorio para que a vendima de 2021 puidera ter sitio nas adegas da denominación. Nos anos 2022 e 2023 houbo unha lixeira baixada dos stocks, pero seguían sendo elevados en comparación coa realidade existente varios anos atrás. Xa neste ano 2024, cunha maior caída das vendas, produciuse un significativo aumento da cantidade de viño acumulado nas adegas que fixo necesaria, trala manifestación de interese por parte das adegas a través do Consello regulador da D.O Ribeira Sacra, a convocatoria dunha liña de axudas destinadas á destilación voluntaria de crise (Orde do 25 de setembro de 2024, publicada no DOG do 1.10.2024).

Por outra parte, historicamente o apoio da Consellería do Medio Rural ao sector vitivinícola da Ribeira Sacra é innegable, con liñas de axuda tanto aos viticultores - para a reconversión e reestruturación dos viñedos- como ás adegas, tanto para a realización de investimentos nas súas instalacións como para a promoción dos viños nos mercados de terceiros países. Nos tres últimos anos concedéronse preto de 325.000 euros a viticultores da Ribeira Sacra e 1,4 millóns de euros a adegas desta denominación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Tamén é de destacar o importante apoio que recibe o sector a través das axudas ao seu consello regulador, axudas que cobren tanto os seus gastos de funcionamento como as súas actividades de control da produción e as de promoción, tanto no territorio da UE como en terceiros países. Nos tres últimos exercicios o apoio da Consellería do Medio Rural a este consello regulador podémolo cifrar en máis de 0,6 millóns de euros.

A estas liñas de apoio específicas para o sector vitivinícola que xestiona a Consellería do Medio Rural habería que engadir outras accións de apoio, como as enmarcadas nos proxectos do GDR Ribeira Sacra-Courel, nos que o sector vitivinícola foi prioritario: melloras tecnolóxicas en adegas, apertura de novas adegas, dotación de salas de catas, proxectos enoturísticos, etc.

Polo tanto, a Xunta de Galicia sempre apostou por este sector, que o considera clave na vertebración das comarcas que conforman o espazo da Ribeira Sacra, e vaino seguir facendo, para que as adegas poidan abrir novos mercados e vender os seus viños a uns prezos que cubran adecuadamente os custos de produción e que poidan remunerar tamén axeitadamente a materia prima que tan esforzadamente obteñen as persoas viticultoras da Ribeira Sacra e así se poida manter esa paisaxe singular.

Por iso, a principios do mes de setembro pasado, a Conselleira do Medio Rural levou ao Consello da Xunta un informe sobre novas medidas de apoio ao sector vitivinícola da Ribeira Sacra, medidas que inclúen, ademais da convocatoria de axudas para a destilación de crise, da que xa falamos; a promoción do Ecorrexime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente e unha nova axuda para a conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra. Para completar este paquete de novas actuacións para o apoio ao sector na Ribeira Sacra (e ao sector vitivinícola galego en xeral), o IGAPE aprobou unha liña de axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de viños acollidos a denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas (DOG do 25.09.2024).

En definitiva, podemos dicir que o compromiso da administración galega coa Ribeira Sacra sempre foi grande e que as medidas de apoio que se están a implementar e as que no futuro se poidan poñer en marcha son unha proba diso.

A Consellería non se mantivo pasiva ante a crise global que afecta aos viños tintos e actuou anticipándose aos problemas, e actuou con dilixencia dentro da marxe que permiten as normas do mercado común da UE.

Así, respecto da medida de destilación de crise, unha vez que se constatou que contaba co apoio do sector para a súa posta en marcha -de nada serviría convocar esas axudas se logo non vai haber demanda-, en abril xa se iniciaron os trámites para a súa convocatoria. Os trámites son moi complexos, xa que a medida ten que ser autorizada pola Comisión Europea e esta autorización tramítase coa intermediación do Ministerio de Agricultura, ministerio que, por certo, non se pode dicir que tivera unha actitude moi colaboradora coa administración autonómica

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





nesta tramitación. Non foi ate o 26 de agosto cando o consello regulador comunicou as estimacións finais de volume de viño a destilar por parte das adegas interesadas unha vez adiantado o 14 de agosto os requisitos técnicos que se exigen para a destilación de crise.

Outra medida que permite a normativa sectorial da UE é a colleita en verde), pero o sector non demandou a posta en marcha desta medida no seu momento.

Tamén é posible, no marco da normativa europea, unha redución dos límites máximos de produción de uva por hectárea para campañas concretas para eliminar excedentes e evitar a caída dos prezos. Esta pode ser unha boa medida neste momento porque, ademais de ir na liña de mellorar a calidade final do viño, reparte de forma equilibrada entre todos os operadores a carga da crise. Pero esta é unha decisión que compete ao consello regulador -o Consello Regulador da denominación de orixe Rioja fíxoo este ano e en anos anteriores- e dende a administración non podemos impola.

En definitiva, dentro da escasa marxe de manobra que, como dicimos, permite a normativa da UE para apoiar a un sector económico, a consellería actuou e actuará coa máxima sensibilidade ante a problemática deste sector”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:34:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29443
Data envío: 23/07/2025 08:34:07,187

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10978**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Calquera incendio forestal, e máis en espazos tan sensibles e de tan alto valor ecolóxico como o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, resulta inadmisíbel para o Goberno galego. A este respecto, cómpre lembrar o obxectivo xeral do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia, e por ende o de toda actuación do dispositivo de defensa contra os incendios forestais, que é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na comunidade autónoma de Galicia dentro dos recursos dispoñíbeis.

A Consellería do Medio Rural manterá a vontade de cumprir co obxectivo xeral do Pladiga, así mesmo, falando de Pladiga, cabe recordar que no do ano 2022 recóllese na súa memoria e nos seus anexos as conclusións do "estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na ZEPVN Baixa Limia, propostas de mellora de infraestruturas de defensa do monte".

Para rematar, é importante recordar que o goberno galego non ten competencias para acordar medidas co goberno portugués. As relacións internacionais, recollidas no caso dos incendios forestais no Protocolo entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación técnica e asistencia mutua en materia de protección civil, son competencia do Estado. Protocolo que o goberno galego cumpre segundo o establecido".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:34:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29442
Data envío: 23/07/2025 08:34:01.328

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10995**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"o seguimento por parte da Xunta de Galicia da praga da avespa velutina, o seu comportamento en 2024, os fondos que dedicou a investigación nesta materia nos últimos anos e as técnicas postas en práctica para controlar a súa expansión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"En relación os datos do ano 2024 podemos comentar un descenso importante no número de avisos recibidos. Estamos falando que a data 14 de outubro o número total de avisos por de niños de vespa velutina é de 21.073, fronte aos 49.925 rexistrados no ano 2023 no mesmo período de tempo supoñendo así **unha diminución de máis do 57%**.

Un dato indicativo tamén é a comparativa durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, apreciando unha importante diminución do total **dos avisos recibidos (24.945 avisos menos)**, en gran parte consecuencia da posta de marcha das medidas adoptadas na implantación a principios deste ano do plan de choque contra a Vespa velutina.

MESES	ANO 2023	ANO 2024	DIFERENZA
XUÑO	5.298	1.084	4.214
XULLO	11.499	4.008	7.491
AGOSTO	14.665	6.424	8.241
SETEMBRO	9.632	4.633	4.999
TOTAL	41.094	16.149	24.945

Na época estival podemos ver un descenso de máis do 60% con respecto o ano 2023.

No ano 2024 fíxose un gran traballo no plan de choque posto en marcha pola Xunta de Galicia, que consistiu:

- Retirada de niños primarios nos primeiros meses do ano.
- Trampeo selectivo e xeolocalizado por o territorio.
- Formación impartida a cidadanía de como actuar ante a presenza dun niño de Vespa velutina.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O trampeo foi crucial, sen esquecer tamén as condicións meteorolóxicas, para frear a expansión da Vespa velutina. Nos controles que se fixeron e no seguimento das trampas colocadas, capturáronse máis de 113.000 raíñas, evitando así a formación de moitos niños secundarios.

En resposta a algunhas afirmacións que fan na exposición de motivos:

- Na provincia de Pontevedra non se neutralizaron 589 niños, senón 2.560.
- A provincia máis afectada por número de avisos foi A Coruña, e non Pontevedra como se manifesta na pregunta. A evolución este ano sobre o territorio foi igual que a de anos anteriores, afectadas mais as provincias de A Coruña e Pontevedra, e xa en menor medida Lugo e Ourense.
- A Xunta de Galicia nunca utilizou a técnica dos troianos, este biocida que se aplica o individuo de Vespa velutina ninguén garantiza que vai de volta a un niño de Vespa velutina, pode ir a una colmea de abellas autóctonas, ou prexudicar en xeral a calquera outro individuo do medio.
- Nas conclusións do Congreso de Chantada, no que estivo representada a Xunta de Galicia por Seaga, no se fala da "técnica dos troianos" como a máis efectiva. Do que si se fala é do trampeo en colaboración cos apicultores que foi o que fixo a Xunta de Galicia este ano 2024, mantendo un encontro con todos eles, entregando trampas e xeolocalizando esas trampas no entorno dos colmeares".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:33:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29441
Data envío: 23/07/2025 08:33:55,688

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11282**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema, don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a entrega dos títulos definitivos da concentración parcelaria de Carnés e Cereixo, Vimianzo, e as consecuencias das demoras, así como as previsións da Xunta de Galicia verbo do remate da concentración parcelaria nestas zonas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A zona de concentración parcelaria de Cereixo-Carnés (Vimianzo) está pendente da aprobación da acta de reorganización da propiedade. Durante o ano 2024 estanse levando cabo traballos técnicos de revisión gráfica e alfanumérica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:33:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29439
Data envío: 23/07/2025 08:33:44.096

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11372**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo, as consecuencias da súa carencia para as explotacións agrarias da comarca e as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura dunha vacante de persoal administrativo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:40:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29469
Data envío: 23/07/2025 08:40:52.699

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11424**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural mantén unha rede de oficinas rurais (antes denominadas oficinas agrarias comarcais) constituída por 68 oficinas, organizadas en 15 áreas comarcais, distribuídas por todo o territorio galego e que prestan servizo de atención á cidadanía de xeito presencial, principalmente a explotacións agrarias.

Son máis de 450 os postos de traballo en Oficinas Rurais, distribuídos entre persoal veterinario, técnico agrario e administrativo, que a CMR pon a disposición para a prestación dun servizo de atención de proximidade á poboación rural.

Por iso, a Consellería do Medio Rural está desenvolvendo un Plan de Mellora das Infraestruturas da Consellería desde o ano 2021 que permitiu a remodelación de moitas e que segue a executarse neste ano 2024.

Ademais, a consellería creou unha estrutura de coordinación territorial, composta por 4 persoas en cada provincia encargadas da coordinación e o apoio ás oficinas rurais, ademais dun órgano de coordinación en servizos centrais, a Subdirección Xeral de Planificación de Extensión Agrario

Con estes antecedentes, cabe concluír que a Administración Galega NON está a desmantelar os servizos técnicos e administrativos que se prestan dende as oficinas rurais.

As Oficinas Rurais constitúense como oficinas de rexistro auxiliares e de atención á cidadanía onde calquera persoa pode acudir a realizar calquera trámite de xeito presencial. (Decreto 191/2011)

Para prestar asistencia á cidadanía na realización de trámites por medios electrónicos ante a administración, a Consellería do Medio Rural habilitou na maioría das oficinas rurais un ordenador público para que calquera persoa interesada pode realizar trámites por vía electrónica apoiada en todo momento por persoal funcionario das oficinas rurais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En todo caso, aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para reforzar a atención presencial, a Administración autonómica está a traballar no proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado que permitirá asistir no uso de medios electrónicos tanto ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos como aquelas outras que, aínda estando obrigadas, se poderán asistir por causas xustificadas e motivadas.

Debe lembrarse que, todos os anos, a Consellería do Medio Rural aproba unha orde de axudas ás entidades agrarias onde, entre outros criterios, priorízase na súa concesión a aquelas que teñan oficinas de atención ao público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:40:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29466
Data envío: 23/07/2025 08:40:35.070

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11494**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a autorización da variedade de uva godello na denominación de orixe Rueda, na comunidade de Castela e León, as posibles repercusións no sector vitícola galego e a postura e as xestións da Xunta de Galicia ante este feito"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A variedade Godello é unha caste de uva branca que está contemplada como autorizada, ademais de en Galicia, noutras seis comunidades autónomas de España. Así se recolle no Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, en cuxo anexo XXI (clasificación das variedades de vide) figura esta variedade, ademais de para Galicia, para as comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, País Vasco e a Comunidade Valenciana.

As variedades vexetais non son patrimonio de ningún territorio. Aínda que esta variedade se cultiva principalmente na zona oriental de Galicia (sobre todo na comarca de Valdeorras) e no Bierzo, na veciña Castela e León, está presente en maior ou menor medida noutras áreas xeográficas.

Non cabe dúbida de que en Valdeorras foi onde se fixo o gran esforzo por recuperar esta variedade (programa Revival), que hai unhas décadas estaba en claro retroceso, e que a súa aptitude para producir viños de elevada calidade fixo que medrara posteriormente o seu cultivo noutras comarcas de Galicia e tamén fóra da nosa comunidade autónoma.

Pero nin Valdeorras nin Galicia teñen a exclusiva da súa produción. Ao igual que moitas variedades de vide de orixe francés ou alemán se cultivan en todo o mundo, as variedades de cultivo tradicional en Galicia (termo máis adecuado tecnicamente que o de "variedades autóctonas") na medida en que se adaptan ao cultivo noutros territorios, poderán ser utilizadas para producir viños fóra de Galicia. A título de exemplo, o prego de condicións da DO Rueda inclúe tamén variedades tintas como Cabernet Sauvignon e Merlot ou brancas como Sauvignon Blanc, Chardonnay, Riesling ou Gewürztraminer (estas dúas últimas se inclúen na modificación en trámite que incorpora tamén a variedade Godello) cuxo nome delata unha orixe bastante afastada do territorio desta denominación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por iso, dende hai moitos anos, dende a Administración tratamos de que na promoción dos nosos viños non caíamos na trampa de publicitalos pola variedade, senón polo territorio, fuxindo da moda imposta, sobre todo, por países como Gran Bretaña, USA ou Australia, con nula tradición de denominacións de orixe, que identifican os viños coas variedades con que se elaboran.

De acordo co anterior, debemos tratar de difundir a idea da calidade que atesouran os viños da DO Valdeorras ou doutra das nosas denominacións de orixe e que a promoción non faga o fincapé na variedade, senón no territorio de produción. Falemos máis de Rías Baixas que de Albariño, de Ribeiro no canto de Treixadura e de Valdeorras en vez de Godello. Podemos informar de que a variedade Godello acada a súa máxima expresión na comarca de Valdeorras, pero sempre insistindo máis no territorio que na variedade.

No caso concreto da modificación do prego de condicións da DO Rueda para incluír a variedade Godello debemos dicir que dende a administración autonómica non fixemos ningún trámite de oposición (nin tampouco se fixo dende ningún dos nosos consellos reguladores) porque non hai argumentos legais que nolo permitan facer. Obviamente, preferimos que esa variedade, que se puxo de moda grazas, sobre todo, ao bo facer das adegas e do Consello Regulador da DO Valdeorras, se siga asociando a ese territorio ou, cando menos, a Galicia, pero nada se pode facer para evitar que se cultive e se utilice na elaboración de viños noutras zonas.

De todas formas, a modificación do prego de condicións da DO Rueda que se está a tramitar contempla a inclusión desta variedade (e algunha outra máis) como autorizada, pero non como principal, e os viños brancos de Rueda teñen que ter un mínimo do 75% de variedades cualificadas como principais. Isto implica que os brancos de Rueda que inclúsen na súa elaboración a variedade Godello, faríano con porcentaxes inferiores ao 25%, polo que non poderían elaborarse baixo a DO Rueda viños monovarietais que se comercializasen como "Godello".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:40:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29465
Data envío: 23/07/2025 08:40:29.698

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11802**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da Oficina Agraria Comarcal da Pobra de Trives no referido á súa dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:40:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29463
Data envío: 23/07/2025 08:40:17.632

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11860**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas no referido á dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:40:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29461
Data envío: 23/07/2025 08:40:00,687

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 12248 e debatida no Pleno do día 5 de novembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGNmNDg4MDEtYjcxZC00Zjk3LTlmZjMtZjlyODRkOWNkYjA2&start=6795>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:39:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29458
Data envío: 23/07/2025 08:39:44.782

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12265**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"as condicións en que están as instalacións da base helitransportable de San Xoán de Río logo do remate das obras da súa remodelación e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para resolver as súas deficiencias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A comezos do mes de setembro, durante un episodio de choiva, entrou un centímetro de auga nunha parte do soto da base de helicóptero de San Xoán de Río. O soto da base é unha estancia, baixo a edificación principal, que se dedica a almacén. En ningún momento afectou ás estancias dedicadas ao persoal.

En visita ao lugar coa empresa executora, acordouse que non era suficiente a dimensión dunha tubaxe de drenaxe e detectouse a obturación dunha reixa de desaugadoiro, o que se procedeu a corrixir ambos elementos. Ademais executáronse canles de drenaxe transversal no camiño de acceso ao soto e colocouse unha reixa máis. O custe desta actuación foi asumido pola empresa executora. As deficiencias xurdidas están resoltas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:39:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29456
Data envío: 23/07/2025 08:39:33,602

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12288**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás axudas de 2024 destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias e á incorporación de xente nova ao sector, así como no referido á convocatoria de 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na interpelación con número 12285 e debatida no Pleno do día 6 de novembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjNlZDg1MjktNGJlZi00ZGVlLWJkYmYtMDZkZTJkNTAwYWZh> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:39:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29454
Data envío: 23/07/2025 08:39:22.810

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12376**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da elaboración e aprobación de instrumentos de ordenación do territorio e da planificación en materia de solos agropecuarios e forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Segundo o PFG, os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) deben elaborarse durante o período comprendido entre 2026 e 2030. A planificación establece un proxecto piloto inicial para definir o modelo de referencia dos plans. Antes de iniciar a elaboración dos PORF, é preciso coñecer o estado dos recursos forestais a través do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG), cuxos resultados son fundamentais para guiar os traballos de elaboración dos plans. Polo tanto, a Xunta esta na fase da súa elaboración, centrada en recompilar a información necesaria a través do IFCG.

O método de traballo descrito no PFG para a elaboración dos PORF inclúe un enfoque comarcal na que Galicia se agrupa en tres categorías principais (Eixo Atlántico, comarcas do interior e zonas de montaña). Este proceso implicará directrices específicas garantindo que os PORF sirvan de referencia técnica para a xestión dos espazos e recursos forestais.

A Xunta creou un panel de control público (dashboard) que mostra os indicadores clave de desempeño (KPI) de forma visual e accesible a través do seguinte portal <https://indicadores-forestal.xunta.gal/portal-bi-internet/dashboard/Dashboard.action> como seguimento do PFG. Ademais ao terminar o primeiro quinquenio realizarase un informe cos indicadores quinquenais de seguimento, coas súas métricas e datos fundamentais para facer un seguimento do estado de execución e consecución dos mesmos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:39:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29452
Data envío: 23/07/2025 08:39:09.791

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12447**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a actitude do Grupo Popular do Senado en relación coa tramitación do Proxecto de lei básica de bombeiros forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Lei Básica de Bombeiros Forestais foi aprobada o 09/11/2024 despois da retirada das enmendas dos distintos grupos parlamentarios no Senado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:43:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29488
Data envío: 23/07/2025 08:43:36.206

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12649**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **"a caída de prezos do leite galego no mes de outubro, o diferencial existente cos prezos das restantes comunidades do Estado e as medidas que está tomar a Xunta de Galicia para reconducir esta situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector lácteo galego, cun peso superior ao 42% respecto á produción total estatal e máis do 56% dos produtores de leite, resulta nun pilar estratéxico na produción primaria en Galicia.

Con ese motivo, desde a Consellería do Medio Rural monitorízanse, mes a mes, diversos parámetros como volume producido, importes pagados, número de produtores e compradores, desaparición de explotacións, parámetros de calidade, etc.

Deste xeito, compárase a evolución interanual de todos estes parámetros. Por iso, na Consellería sabemos que o prezo do leite descende ao chegar a primavera e increméntase ao chegar o outono. Desta maneira, observamos que este ano o prezo compórtase como calquera ano ordinario. Coa publicación dos datos do último mes dispoñible (setembro, non outubro como vostedes indican no enunciado da súa pregunta), o prezo do leite repuntou en Galicia nun céntimo por litro. En todo caso, como indicou a Conselleira, calquera persoa relacionada co sector, debería coñecer que cando os prezos se elevan desmesuradamente debido a altas volatilidades, sempre haberá posteriormente unha distorsión do mercado, cunha baixada de prezos máis acusada do que sería desexable.

A tendencia dos prezos en Galicia, igual que no estado español, leva un retraso respecto ás tendencias doutros países europeos, que pola súa capacidade de exportación sofren os cambios nos importes de maneira máis rápida e directa a medida que varía o prezo mundial das commodities lácteas. Porén, no estado español e Galicia, eses cambios chegan con retraso ao adaptarse os prezos ao mercado interno europeo; de aí que por momentos a sensación poida parecer que os importes pagados aos produtores asemellen levar un sentido oposto aos de outros países europeos.

Neste ano, os prezos do leite mantéñense nuns valores que permiten aos gandeiros e gandeiras da nosa Comunidade autónoma permanecer nunha posición de competitividade, xunto a que os prezos dos insumos están contidos, ao contrario do sucedido nos pasados anos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta Administración permanece vixiante respecto aos prezos pagados aos produtores de leite e no caso de atopar indicios de diferenciais de prezos con outros territorios que non se poidan xustificar, non dubidará en denuncialos ante as autoridades de Competencia.

Así mesmo, vixíase a aplicación do cumprimento do estipulado na Lei da mellora da cadea alimentaria en todos os elos da cadea, sobre todo no que se refire ao cumprimento de importes pagados, volumes recollidos e prazos de pago”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:43:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29484
Data envío: 23/07/2025 08:43:14.495

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12778**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a execución e as condicións das últimas convocatorias das axudas agroambientais á agricultura ecolóxica e as previsións que ten a Xunta de Galicia para a de 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 12008 e debatida na Comisión 7ª do 20 de decembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDdlNzU0OTQtYjJmNy00NmQzLTkyMTgtODZhYTQ4MTFmYjM3>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:43:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29483
Data envío: 23/07/2025 08:43:08,706

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12837**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación dos expedientes de solicitude de axudas agroambientais derivadas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria de 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"No inicio do período do PEPAC 2023-2027 fixéronse modificacións nos orzamentos das distintas intervencións agroambientais para non ter que aplicar nin priorización de expedientes nin rateo, e poder atender así as solicitudes de axudas de todas as persoas solicitantes.

Concretamente o importe orzamentario da intervención 6501.3 foi aumentada, cun orzamento total de 15.286.966,37€, co fin de que todas as subintervencións e todas as persoas solicitantes tiveran axuda sen rateos nin priorizacións.

Porén, a redución gradual da axuda por hectárea a medida que o tamaño da explotación aumenta está establecida no PEPAC para esta liña e garante que os agricultores máis pequenos reciban unha proporción xusta de axudas.

A cantidade que quedou pendente de executar no orzamento de 2024 despois de pagar as axudas solicitadas na campaña 2023 no conxunto das intervencións ambientais e climáticas ascende a 562.775,31€ (un 2% do orzamento inicial), o que resulta nun grao de execución do 98%.

Non se prevé que quede ningún remanente sen executar na totalidade do período 2023-2027 xa que as cantidades que vaian quedando liberadas utilizaranse para apertura das liñas a novos solicitantes tal e como vai suceder na próxima campaña 2025 coa nova convocatoria das liñas de ecolóxico e de mantemento de razas en risco de erosión xenética.

Os expedientes das solicitudes da campaña 2024 están no proceso de tramitación que comprende a revisión dos controis administrativos e de campo para a comprobación do cumprimento dos compromisos anuais e cuxa verificación non remata ata o 31 de decembro de cada ano.

O pagamento destas axudas efectuarase dentro do prazo establecido no artigo 118 do Real Decreto 1048/2022, do 27 de decembro, sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e a regulación da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





solicitud única do sistema integrado de xestión e control, que establece que os pagos do saldo correspondentes aos pagos directos e as intervencións de desenvolvemento rural asimiladas ao sistema integrado de xestión e control, efectuaranse entre o 1 de decembro do ano de presentación da solicitud única e o 30 de xuño do ano natural seguinte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29481
Data envío: 23/07/2025 08:42:57.137

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 13052**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura e as medidas da Xunta de Galicia ante a aplicación do Real decreto 1051/2022 en Galicia e o tipo de apoio que vai poñer á disposición do sector gandeiro para unha transición tecnolóxica nas explotacións e garantir a súa viabilidade económica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O RD 1051/2021 de nutrición sostible dos solos agrarios prohibe aplicar xurros mediante sistemas de prato, consonte o seu artigo 10.1, con independencia de se é un prato invertido ou non. Establece varias excepcións a esta prohibición:

1. Nos recintos con pendentes superiores ó 10%.
2. Na explotación enteira cando os recintos con pendentes superiores ó 10% sexan máis da metade da superficie da explotación, ou cando os recintos con pendentes iguais ou inferiores ó 10% non superen as dúas hectáreas.

A Consellería do Medio Rural presentou numerosas alegacións ó contido do decreto (durante a súa elaboración e despois de saír publicado no BOE), incluída esta prohibición, co escaso éxito. As modificacións posteriores do RD non foron substanciais (RD 92/2024 e RD 840/2024).

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20363**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"os problemas de acceso á vivenda para a xente nova na cidade da Coruña, as políticas desenvolvidas nos últimos anos polo Goberno galego e os compromisos que está disposto a asumir nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten o compromiso de duplicar o parque de vivenda pública na presente lexislatura, así como desenvolver solo para 25.000 novas vivendas, das que 20.000 serán protexidas.

No concello da Coruña a promoción de vivendas públicas céntrase en Xuxán e en solos cedidos polo concello.

En Xuxán xa foron entregadas aos seus adxudicatarios 40 vivendas de promoción pública e actualmente están en construción tres grupos que compoñen un total de 104 vivendas, que se adxudicarán integramente en réxime de alugueiro. Anteriormente entregáronse vivendas de promoción pública en Eirís (188), Mesoiro (160) e rúa Caballeros (28).

E adxudicouse solo en Xuxán para a construción de preto de 800 vivendas protexidas.

Ademais, a Xunta promoveu a modificación do PXOM para cambiar o uso de dúas parcelas da súa propiedade en Xuxán, que pasarán de estar destinadas a oficinas a servir para a promoción de arredor de 520 novas vivendas protexidas.

Tamén en Xuxán a Xunta adxudicou en réxime de dereito de superficie parcelas para a construción de 256 vivendas protexidas destinadas integramente ao alugueiro.

Por outra parte, xa se licitaron os proxectos para a construción de 99 vivendas de promoción pública en parcelas cedidas para tal fin polo concello.

Tamén adxudicou as obras de rehabilitación de catro vivendas na rúa San Andrés e licitou a redacción do proxecto para a rehabilitación doutras tres na rúa Santa María. Todas elas destinadas ao alugueiro.

Cabe salientar que o 40 por cento das vivendas de promoción pública que se adxudiquen en alugueiro serán destinadas a menores de 36 anos, así como o 25 por cento das que se adxudiquen en compravenda.

Polo que respecta ao desenvolvemento de solo residencial, xa se adxudicou o contrato para a redacción do proxecto de interese autonómico do SUD 4 Monte Mero, no que se prevé desenvolver unha superficie de máis de 43,1 hectáreas destinadas a aproximadamente 4.310 vivendas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29476
Data envío: 23/07/2025 08:42:29.066

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20870**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"a regulación da expansión do viñado e os plans da Xunta de Galicia para impulsar unha ordenación que evite a invasión dos núcleos de poboación polas explotacións vitícolas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A produción de uva para vinificación é un dos sectores agrícolas máis importantes de agro galego. Este cultivo, de enorme tradición en Galicia, conta con moita superficie acollida e non acollida a DOP. Contamos con cinco denominacións de orixe protexidas, que xeran unha considerable actividade económica, laboral e social. Dentro delas, Rías Baixas é a que máis viño produce. Abrangue, entre outras zonas, gran parte da comarca do Salnés e do Baixo Miño, zonas moi poboadas en relación a outras comarcas dentro de DOP.

Por outra banda, cómpre aclarar que a **plantación de novos viñedos non é unha actividade libre**. É preciso dispoñer da correspondente autorización. O sistema de autorizacións substituíu ó anterior, que estaba baseado en dereitos de plantación. Entrou en vigor no ano 2016 e está prevista a súa duración ata o 2045. Así, só se poden plantar viñas para uva de vinificación con fines comerciais se se ten autorización, que só é posible obter por tres vías: a partir de viñas arrincadas, a partir de dereitos de plantación do propio promotor ou a partir do cupo de novas plantacións.

De acordo co Anuario de Estadística Agraria do MAPA (2022), hai 24.213 hectáreas de viñado en Galicia, que equivalen ó 3,88% do viñado español. Destes, só 17.486 ha están en produción, o que explica que o volume anual dos viños galegos só acade o 2,27 % nacional. **Hai un elevado abandono de superficie agraria, que tamén afecta ó viñado.** Segundo a *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos ESYRCE*, Galicia perdeu un 3,2% de superficie de viñado en 2024 en relación ó ano anterior. Durante as últimas décadas estase producindo unha redución progresiva da superficie adicada a viñado no conxunto de España, que pasou das 1,64 millóns de hectáreas de 1980 ás 0,91 millóns de 2024 (perdeuse máis da metade da superficie).

Finalmente, é preciso recordar que a normativa en materia de fitosanitarios regula a súa aplicación correcta e segura. Ademais, a política comunitaria actual está a reducir a cantidade de produtos aplicados, así como a perigosidade dos que manteñen vixente a súa autorización para seren aplicados."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29475
Data envío: 23/07/2025 08:42:23.842

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o nivel de ocupación do bloque de vivendas cedido polo Concello de Esgos á Garda Civil e a posibilidade de recuperalo, total ou parcialmente, como vivendas de carácter social"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As vivendas ás que fai referencia a pregunta son de titularidade municipal e están postas a disposición da Guardia Civil por parte do concello.

Por motivos de seguridade non é posible compatibilizar o uso pola Guardia Civil e por persoas alleas á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29474
Data envío: 23/07/2025 08:42:17.508

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a proliferación das pragas do piñeiro en Galicia e a eventual elaboración por parte do Goberno galego dun plan de choque para salvar e conservar as masas de coníferas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a executar un plan de choque integral para o período 2025–2026 co obxectivo de frear a expansión das enfermidades fúnxicas (banda marrón e banda vermella) que afectan gravemente ao *Pinus radiata* a través de encargos á empresa pública SEAGA para realizar tratamentos fitosanitarios tanto en montes de xestión pública como privada, priorizando as zonas máis críticas.

Colaboración coa Fundación Arume para identificar e agrupar propietarios forestais privados de coníferas interesados en tratamentos fitosanitarios e facilitar a aplicación de tratamentos.

Non é posible ofrecer unha cifra exacta da redución de superficie de coníferas nos últimos 15 anos debido a que os datos do Inventario Forestal Nacional 4 (IFN4) non son metodoloxicamente comparables cos datos máis recentes do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG). Segundo os últimos datos dispoñibles do IFCG, a superficie actual de coníferas en Galicia sitúase en torno as 429.000 hectáreas.

A pesar desta dificultade de comparación para o período concreto de 15 anos, o Goberno galego constata a tendencia á diminución da superficie ocupada polas masas de coníferas durante os últimos decenios en Galicia.

O Goberno galego valora a situación como un problema polo que está en continuo contacto co sector para artellar solucións a curto, medio e longo prazo, baseándose nas diferentes liñas de actuación que están establecidas no PFG 2021-2040.

Actualmente, o Goberno galego considera que a declaración formal de emerxencia sanitaria tería un efecto administrativo limitado e resulta máis operativo e eficaz aplicar plans de actuación inmediata e integral como o descrito anteriormente. A estratexia céntrase en medidas directas como os encargos a SEAGA, a colaboración coa Fundación Arume e o desenvolvemento do proxecto piloto na Serra da Capelada, que permiten unha resposta máis áxil e coordinada no territorio, complementadas con selvicultura preventiva e plantacións de árbores resistentes, entre outras accións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Estase a estudar reforzar activamente o Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, estase a avaliar unha proposta de reforma estrutural para optimizar a súa eficiencia coa incorporación de persoal técnico especializado. As prioridades son, reforzar a conservación de recursos xenéticos forestais, mellorar o manexo e control de calidade de plantas e sementes e Intensificar a loita integrada contra pragas e doenzas.

No Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL) estudase reforzar liñas de investigación clave coma a análise de plantacións históricas de Pinus Taeda para determinar a súa adaptación, crecemento e calidade, mellora xenética do Pinus radiata con deseño de ensaios con procedencias dos Estados Unidos para avaliar a súa resistencia a patóxenos e a identificación de árbores resistentes as bandas co fin de crear bancos de material xenético resiliente.

Xa se están a aplicar cambios e a estudar novas medidas para adaptar as axudas á realidade sanitaria e fomentar a resiliencia:

A orde de axudas á forestación de 2024 (con 4,8 M€ aprobados) xa reflicte un cambio de tendencia. O Pinus radiata representa unha mínima parte das solicitudes e permitiuse cambiar por Pinus Taeda a solicitude dos beneficiarios. Ademais estase a elaborar un programa específico de axudas para as coníferas, no marco do PEPAC 2023–2027, así como nas outras ordes de axuda, (AFXC, selvicultura, redacción de instrumentos de ordenación e xestión forestal, etc).

A introdución de Pinus taeda valórase positivamente en colaboración co sector, como unha estratexia clave para a diversificación e a redución de riscos. O obxectivo non é substituír o Pinus radiata, senón complementalo para construír masas forestais máis resilientes. A estratexia baséase en procedencias de calidade e adaptadas, como as de hortos de sementes ou rexións de procedencia francesa, que demostraron unha maior resistencia ás enfermidades fúnxicas. Tamén, como xa se comentou, o CIF de Lourizán está a avaliar cientificamente o comportamento de plantacións de Pinus taeda establecidas en Galicia hai uns anos para obter datos concluíntes sobre a súa adaptabilidade, crecemento e estado sanitario, garantindo así que a súa introdución se realice con rigor técnico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29473
Data envío: 23/07/2025 08:42:11.225

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21463**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"o estado en que está o proceso das reestruturacións parcelarias do concello de Agolada"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Unha vez elaborados os tres estudos previos de iniciación das tres zonas, continuouse co procedemento establecido no citado art. 9.6 da Lei 4/2015:

"O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final".

Con motivo desta exposición, convocouse unha reunión informativa cos interesados o mércores 30 de outubro de 2024 na Escola de Basadroa (Eidián).

Os estudos previos de iniciación das tres zonas sometéronse a información pública mediante os correspondentes anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia o 5 de novembro de 2024. Así mesmo, os estudos previos de iniciación remitíronse ao Concello e publicáronse no portal web da consellaría. Como consecuencia desta información pública, non consta ningunha alegación ou achega ao respecto polas persoas interesadas.

As tres zonas de reestruturación parcelaria propostas, A Baíña-Berredo-Órrea, Agra-O Sexo- Val de Sangorza e Basadre-Eidián-Ramil teñen superado favorablemente o proceso de avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais e acadan un resultado positivo nos respectivos estudos previos de iniciación, recollidos respectivamente nos artigos 7 e 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia. Non quedan, polo tanto, trámites pendentes de realizar con carácter previo ao decreto de utilidade pública, sen que exista nesta lei un prazo concreto para acadar tal fin.

É importante sinalar que non se rexistraron alegacións ao estudo previo de iniciación dos procesos de reestruturación Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián- Ramil.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Na actualidade, e grazas ás modificación lexislativas realizadas, estanse a reducir significativamente os prazos das novas zonas de reestruturación acollidas a esta nova normativa que lle é de aplicación para a mellora da estrutura territorial de Galicia. A pesares disto, segue sen poder definirse con exactitude un prazo para a execución dos traballos entre o decreto e o acordo.

Na priorización das novas zonas a decretar no Concello de Agolada, a Consellería do Medio Rural tivo en conta o peso relativo da superficie das explotacións agrarias existentes e das UGM en relación á superficie da zona.

As parroquias de Brocos e Sesto, son as que arrojan os datos máis baixos en canto a UGM totais das inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, polo que son nas que se infire unha menor actividade gandeira.

Tendo en conta estas circunstancias, considerouse adecuada a agrupación en tres zonas de reestruturación parcelaria de carácter público: Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:58
Nº Rexistro: 28836
Data envío: 16/07/2025 12:56:58,531

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22390**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a actualización da regulación dos montes en man común para os converter nunha peza clave do desenvolvemento rural"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Das recomendacións relativas a montes veciñais en man común que recolle o Ditame, ata a data o goberno galego deu cumprimento a meirande parte delas, e dicir a todas aquelas que podía incorporar na súa planificación sectorial e implementar directamente a execución da dita planificación sen necesidade dun desenvolvemento lexislativo específico.

Respecto a necesidade de coñecer a situación dos Montes Veciñais en Man Común en referencia o seu grado de goberno, a administración e xestión e o seu réxime de usos e aproveitamentos ven recollida na lexislación de MVMC, tanto na lei 13/1989 como no seu desenvolvemento regulamentario, Decreto 260/1992, ambas normas vixentes.

O goberno galego aplicou este mandato lexislativo creando e mantendo o rexistro de montes veciñais en man común, no que constan estes datos e moitos outros que se foron incorporando en función das necesidades e avances que nos últimos anos se foron producindo. Amais, parte del é público e pode consultarse na Oficina virtual do Medio Rural.

No DECRETO 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica recolle programas e medidas para a mellora da gobernanza das comunidades e a activación da xestión forestal privada con mención específica ás comunidades dos MVMC, co impulso á redacción de instrumentos de ordenación e xestión, potenciación das agrupacións e mancomunidades de MVMC, fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta ou a activación da xestión privada mediante a creación da figura de silvicultor activo. Igualmente recolle medidas para loitar contra o abandono.

Semella que para a creación dun órgano colexiado no que teñan representación as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común o mais axeitado sería a súa inclusión no novo marco normativo específico que regule este tipo de propiedade, polo que ata que non se aprobe nova lei de MVMC non se vai completar o cumprimento desta recomendación.ç

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Durante a exposición pública que tivo lugar co motivo do procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recibíronse mais de 90 achegas a través do portal de transparencia e mais as directamente enviadas á Consellería do Medio Rural tanto de particulares como de empresas, asociacións de empresarios, asociacións de deportes, sindicatos, asociacións de veciños, grupos ecoloxistas, concellos etc. A diversidade de persoas que alegaron amosa o interese social dos montes veciñais e xerou a necesidade da elaborar un libro branco dos montes veciñais como un documento de traballo estratéxico e como o punto de partida para a reflexión conxunta sobre a reforma legislativa dos MVMC.

O borrador do Libro Branco presentouse ao Consello Forestal con data 23/6/2023 e abriuse un prazo para a formulación de observacións, recibíndose 13 achegas coas que se pechou a proposta de libro branco. Este documento de traballo recolle unha gran disparidade de formulacións sobre a figura do monte veciñal en man común e empregouse como punto de partida para a elaboración no pasado ano do borrador de anteproxecto de lei. Prevese que se presenten no Consello Forestal os seguintes documentos:

- Diagnóstico da situación dos MVMC
- Libro branco
- Anteproxecto de lei pola que se modifica a lei de montes veciñais en man común de Galicia

Como documentos de partida sobre o que debater co sector para posteriormente iniciar a exposición pública do anteproxecto de lei de MVMC en cumprimento da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e para finalmente iniciar a tramitación parlamentaria e dar cumprimento así ao compromiso fixado no Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica de tela aprobada no quinquenio 2021-2025.

O inicio desta revisión normativa está prevista no eixo VI, planificación, ordenación e gobernanza, dentro das Iniciativas para a gobernanza do monte galego no programa de iniciativas de desenvolvemento normativo coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual, establecéndose para o quinquenio 2021-2025. Conforme a esta planificación iniciouse a revisión normativa da lexislación de montes veciñais en man común mediante un procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recentemente a Conselleira do Medio Rural compareceu no pleno do martes día 11 de xuño onde entre outros compromisos anunciou o inicio da tramitación deste marco normativo conforme o planificado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Actualmente o borrador de anteproxecto de lei está sendo sometido a unha revisión xurídica pola asesoría xurídica da Xunta como paso previo a súa remisión ao Consello Forestal para o inicio da súa tramitación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29472
Data envío: 23/07/2025 08:42:05.784

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22585**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a eventual autorización por parte da Xunta de Galicia do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén para actividades non formativas nin de interese público"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A actividade que se levou a cabo no entorno do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén foi un xogo de combate simulado con aire comprimido e bolas de pintura.

Esta actividade compatible cos usos do CILL, levouse a cabo en fin de semana e non interferiu no desenvolvemento de ningunha acción formativa. A administración autonómica non percibiu ningunha taxa polo desenvolvemento da actividade, que foi supervisada por persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

O propio libro branco do CILL de Toén indica que este centro será un exemplo de "modelo de monte" entendido coma monte dirixido á valorización de todos os usos e servizos e monte multifuncional onde se compatibilicen os usos económicos e sociais, así como recreativos, cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques.

ACTIVIDADE FORMATIVA NO CILL DE TOÉN NO ANO 2024

Os días 24 e 25 de abril, un pelotón da Unidade Militar de Emerxencias (UME) recibiu formación en incendios forestais por parte de persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM) e participou nun simulacro de xestión da emerxencia e nun simulacro operativo coa realización de diferentes manobras. Persoas formadas: 25 militares da Unidade Militar de Emerxencias.

Entre o 29 de abril e o 31 de maio realizouse a formación de especialización para os bombeiros/as forestais das brigadas da DXDM. Neste período impartíuse formación a 880 bombeiros/as forestais en 20 edicións presenciais de 8 horas de duración.

O 20 de maio comezouse a formación práctica en conducción 4x4 para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba que se prolongou ata o 28 de xuño, cun total e 400 persoas formadas desta categoría.

Tamén se rexistraron outras actividades dirixidas ao persoal da DXDM, como a formación aos axentes medioambientais para o trampeo da Vespa velutina.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O CILL serviu en agosto de base de operacións e centro de formación para o grupo de 20 bombeiros de Estonia, no marco dun programa de preposicinoamento de unidades certificadas do mecanismo europeo de protección civil (DG ECHO) da Comisión Europea”.

Formación	N.º persoas	Persoas destinatarias
Curso para persoal da UME e manobras conxuntas con persoal do SPIF	25	militares da Unidade Militar de Emerxencias e persoal do SPIF
Curso de especialización para persoal das brigadas da DXDM	880	bombeiros/as forestais
Condución segura 4x4 para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba	400	bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba
Operacións e defensa contra incendios forestais na interface urbano-forestal	60	persoal técnico e axentes medioambientais do SPIF
Seminario de comunicación de incendios forestais	20	xornalistas dos medios de comunicación
Total	1.410	

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:41:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29471
Data envío: 23/07/2025 08:42:00,390

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22858**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as razóns dos atrasos dos informes pertinentes para a avaliación ambiental ordinaria requirida nos procedementos de concentración parcelaria e a situación en Galicia e, en particular, na provincia de Ourense nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 22855 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzkwNjBhMTetMjA3Ni00MGNmLWJjMGQtZGUwZGU4YjkzOWRi>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:48:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29499
Data envío: 23/07/2025 08:48:05.307

CSV: BOPGDSPG-vYdX2ar7K-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"os protocolos de baleirado sanitario nas explotacións galegas de vacún de carne, o seu impacto nas de pequenas dimensións e as medidas que está a aplicar o Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas, cita que as explotacións bovinas de produción e reprodución que non teñan a condición de explotación extensiva, se clasificarán en función da súa capacidade produtiva expresada en UGM (Unidades de Gando Maior). Segundo esta norma, as explotacións do Grupo I serían aquelas con capacidade de ata 20 UGM inclusive (entendendo que a equivalencia para unha vaca non leiteira de dous ou máis anos é de 0.800 UGM e para un macho de dous ou máis anos é de 1 UGM).

Polo tanto, tal e como se cita no parágrafo anterior, na normativa actual non existe unha definición concreta de "explotación familiar", xa que esa referencia é un termo de uso coloquial para referirse a explotacións gandeiras cun censo de animais habitualmente non demasiado elevado e xestionadas por unha titularidade familiar, independentemente do seu tipo de produción ou clasificación zootécnica.

Respecto á información de explotacións bovinas de Galicia, o número de explotacións bovinas de reprodución para a produción de carne na data de elaboración desta resposta é de 17.668, das que 15.205 tiñan un censo inferior a 25 reprodutoras e pertencían polo tanto ao Grupo I, segundo os criterios establecidos no Real decreto 1053/2022 do 27 de decembro.

Nos derradeiros 5 anos leváronse a cabo 19 baleiros sanitarios en explotacións bovinas de reprodución para a produción de carne, motivados todos eles pola existencia de tuberculose bovina confirmada laboratorialmente.

O criterio seguido en todos os casos para a realización de baleiros sanitarios foi o cumprimento da normativa, apoiado en todo momento polas bases científicas da epidemioloxía e patoxenia da infección tuberculosa.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Todo isto sustentado na normativa europea e nacional de referencia, así como nas recomendacións dos expertos do subgrupo de tuberculose bovina da Task Force da Comisión Europea, recomendacións da Organización Mundial da Sanidade Animal, recomendacións da Organización Mundial da Saúde e publicacións científicas de referencia e impacto respecto á persistencia no medio ambiente das micobacterias do complexo *M. tuberculosis* (Young et al., 2005; Keesing et al., 2006; Fine et al., 2011; Fitzgerald et Kaneene, 2013, Gortázar et al., 2014; Ghodbarne et al., 2014; Huang et al., 2014; entre outras).

A infección causada polo Complexo *Mycobacterium tuberculosis* (en diante CMT) é unha patoloxía de categoría B na normativa vixente na Unión Europea, polo que as actuacións que as autoridades competentes en sanidade animal deben levar a cabo teñen como obxectivo a erradicación da enfermidade. Este criterio é seguido pola Unión Europea desde a implantación dos programas de erradicación desta enfermidade na década dos sesenta do século pasado. Non caben polo tanto normativamente outras medidas de contención ou de control, que non sexan a erradicación da enfermidade nun territorio.

Por outra banda, hai que destacar que a análise dos datos epidemiolóxicos relativos aos focos de tuberculose producidos nos derradeiros 20 anos en Galicia, evidenciou que a orixe principal de todos eles era a reinfección antiga de focos sen baleiro sanitario previo, a veciñanza/relación con ditos focos ou a introdución de animais procedentes deles. A experiencia dos Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) demostrou que as explotacións infectadas nas que non se realiza baleiro sanitario, debido á complexidade e á persistencia do axente patóxeno causante no medio ambiente, irremediabilmente se reinfecaron tempo despois novamente e expandiron a infección ás explotacións veciñas ou a aquelas ás que venderon os seus animais. Todo isto co conseguinte risco sanitario para persoas e animais, como se puido demostrar.

A tuberculose bovina (CMT) é unha enfermidade de declaración obrigatoria para animais e persoas, e é a zoonose que maior impacto causa no mundo (e que maior impacto causou en Galicia en décadas recentes). Actualmente, no mundo, cada ano 1.6-2.1 millóns de persoas enferman por tuberculose zoonótica, é dicir, transmitida ás persoas polos animais ou os seus produtos. Galicia comezou o seu programa de erradicación da tuberculose bovina de xeito obrigatorio en 1990, polo que non podemos esquecer que non estivo sempre na situación actual. Actualmente, os Servizos Veterinarios Oficiais (en diante SVO) da Consellería do Medio Rural, a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III están desenvolvendo un estudo sobre a importancia desta zoonose na nosa rexión.

Deste xeito, os criterios seguidos ata agora están baseados na normativa, o criterio científico, a experiencia, e a necesidade de protexer a saúde pública e a todas as explotacións libres de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En resposta á terceira cuestión formulada, debemos destacar que a infección causada polo complexo M. Tuberculosis, cando se confirma, implica que o rabaño está infectado. O cultivo microbiolóxico específico que se realiza (a partires das mostras recollidas post mortem nos animais nos que a autoridade competente determina o seu sacrificio obrigatorio consecuencia das probas diagnósticas levadas a cabo) e a posterior detección do xenoma do axente infeccioso pola técnica RT-PCR confirmatoria na cepa cultivada, é unha proba denominada "de ouro" (ou gold standard), o que significa que esa confirmación é irrefutable e irrevogable e que, polo tanto, non son necesarias outras probas de confirmación. As probas diagnósticas nesta enfermidade son consideradas "probas de rabaño" polo que a partires dese momento, polas características da epidemioloxía da infección, considérase que o rabaño está infectado e que debe traballarse intensamente para erradicar a infección nel e evitar a persistencia do axente patógeno no mesmo e no medio ambiente desa explotación.

Por todo o anteriormente explicado, é función dos SVO evitar a dispersión da infección, que de producirse poñería en risco aos máis de 17.000 rabaños sans de carne de Galicia e ás persoas relacionadas directa e/ou indirectamente con eles (traballadores das explotacións gandeiras, operadores comerciais, transportistas, persoal de feiras/mercados, persoal traballador dos matadoiros, persoal veterinario, entre outros). E durante décadas de traballo exhaustivo coa infección, os SVO demostraron que o baleiro dos rabaños infectados era a principal vía de loita fronte á persistencia da infección.

Aludindo expresamente á explotación de Manzaneda, citada na exposición de motivos desta pregunta, é preciso reflectir que a cepa de tuberculose que afectou a esta explotación en 2023, foi exactamente a mesma que xa afectara ao resto de explotacións veciñas da mesma parroquia en 2013. Foron realizadas probas moleculares de alto nivel técnico (probas VNTR) ás cepas conxeladas preservadas dos focos de 2013 e comprobouse a persistencia nos animais e no medio da mesma cepa durante unha década, como mínimo. A non realización de baleiro sanitario, en 2013 irremediamente tivo consecuencias futuras, e serve de exemplo ao explicado.

No que se refire ás indemnizacións por sacrificio cómpre sinalar, que no ano 2024 o MAPA presentou no Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria, no que participan todas as Comunidades Autónomas, o resultado dun estudo en relación aos importes establecidos no Real Decreto que establece os baremos de indemnización de animais sacrificados en programas de erradicación.

No dito estudo o MAPA tivo en conta que os importes percibidos polas persoas gandeiras que teñen que sacrificar animais corresponden ao valor da carne pagada polo matadoiro, e a indemnización abonada pola administración mediante o baremo establecido (valores medios dos animais por rango de idade).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Para os cálculos dos valores de vida deses animais se tiveron en conta os valores medios establecidos no Plan de Seguros Combinados (que aseguran que se axustan ao valor real dos bens asegurados), así como os prezos de vida en orixe obtida por comparación de mercados da Asociación de Lonxas Aelmo.

Para o calculo do valor da carne pagada polos matadoiros se contou coa colaboración de 7 Comunidades Autónomas de estruturas produtivas diferentes, que facilitaron os datos exactos dos importes pagados polos matadoiros de 4.714 animais sacrificados nos programas de erradicación (3.500 de aptitude cárnica e 1.214 de aptitude leiteira), cos mesmos rangos de idade que os utilizados para o cálculo do valor medio de vida, e que ademais se compararon co Informe Semanal de Prezos e Mercados da carne de vacún en España, editado polo MAPA.

Comparáronse os importes obtidos da suma do valor carne pagada no matadoiro polos animais sacrificados en programas de erradicación, máis o importe de indemnización establecido no Real Decreto, cos valores medios para vida de ENESA (Plan de Seguros Combinados), e cos presos medios para vida de Lonxas e Mercados (Asociación de Lonxas Aelmo), e a conclusión de estudo presentado foi que en practicamente todos os rangos de idade os ingresos que perciben as persoas gandeiras (valor carne máis indemnización) están por enriba do valor vida dos animais, é dicir, que existían sobrecompensacións xeralizadas.

Poren, a Xunta de Galicia é consciente de que moitas veces os prezos dos novos animais mercados son superiores ao valor dos sacrificados (entre outras cousas, porque normalmente se adquiren animais máis novos e de mellor calidade), e que a realización dun baleiro supón un período de inactividade da explotación.

Por ese motivo, a maiores dos ingresos que perciben as persoas gandeiras polo valor da carne, e a indemnización por sacrificio segundo o baremos establecido polo MAPA, na nosa Comunidade a persoa titular dunha explotación sometida a baleiro sanitario ten dereito a axudas á reposición dos animais sacrificados e ao lucro cesante durante o período de inactividade da explotación tras o baleiro, para compensar os meses nos que non existiu produción na mesma. Esta liña de axudas é financiada exclusivamente con fondos propios da Xunta de Galicia. Todos os importes de indemnización e axudas vense ademais incrementados se a explotación está incluída nunha AD SG ou se se trata de animais inscritos en libros xenealóxicos de razas autóctonas ou a explotación ten un sistema produtivo ecolóxico.

Tamén hai que recordar que Galicia paga con fondos propios a realización de todas as limpezas e desinfeccións posteriores aos baleiros nas explotacións infectadas, co obxecto de evitar ese importante custo á persoa titular da explotación e impedir a persistencia do axente patóxeno no medio ambiente, así como no seu caso os importes abonadas polos seguros contratados, que tamén está subvencionado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Con todas estas axudas, Galicia é a comunidade autónoma do Estado que aporta máis compensación ao persoal gandeiro pola realización de sacrificios individuais de reses ou de baleiros sanitarios. A gran maioría de rexións de España, libres de infección polo complexo M. tuberculosis, realizan baleiros sanitarios pero só contan coas indemnizacións por sacrificio; as tarefas de limpeza e desinfección teñen que ser costeadas pola persoa titular da explotación, e as axudas para reposición ou por lucro cesante na maioría dos casos non existen.

Os protocolos de baleiro sanitario de Galicia están adaptados para cumprir coa normativa vixente e coas peculiaridades da epidemioloxía da infección, tras anos de traballo exhaustivo e especializado do SVO, en colaboración cos centros de investigación máis punteiros do país (Visavet, Cresa, Irec, Instituto de Saúde Carlos III), sobre a sistemática para combater a persistencia da infección e para protexer a animais e persoas.

Non existe ningunha razón técnica que permita facer a distinción entre as pequenas explotacións familiares e outras de maior dimensión. A enfermidade non distingue se infecta un animal pertencente a un pequeno rabaño ou a unha explotación cun censo de centos de animais. Por outra banda, non hai que esquecer que o obxectivo da Consellería do Medio Rural é traballar pola persistencia do tecido gandeiro en Galicia, sen discriminar entre pequenas ou grandes explotacións, e tendo en conta que os baleiros sanitarios se acometen ademais de coa finalidade última de protexer a toda a cabana gandeira de Galicia, coa finalidade directa de preservar a viabilidade futura da explotación afectada.

A Consellería do Medio Rural dispón dun programa de formación continua especificamente dirixido ao seu persoal (incluído o persoal da empresa Tragsatec que executa as actuacións de diagnóstico en campo) no diagnóstico de tuberculose bovina co fin de que o persoal interveniente no programa das campañas de saneamento gandeiro coñeza toda a información necesaria que as persoas gandeiras poidan demandar. Así mesmo, participa en todos os foros nos que é requirida para comunicar ao sector gandeiro todas as medidas recomendadas en relación coa tuberculose bovina e o resto de enfermidades.

Por outra banda, a través dos medios de divulgación e información dispoñibles (intervención en medios de comunicación, impartición de charlas en xornadas formativas propias ou organizadas por outras entidades (sindicatos agrarios, cooperativas, asociacións de gandeiros...etc.), avisos na Oficina Agraria Virtual (OVGAN), os SVO facilitan toda a información que as persoas gandeiras poidan demandar. Así mesmo, existe información completa na páxina web da Consellería do Medio Rural

Outra liña de actuación é a través do persoal veterinario das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) con quen existe unha comunicación permanente e fluída.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Finalmente, a rede de Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural a través dos SVO adscritos a ela está permanentemente dispoñible para achegar calquera información que poida ser demandadas polas persoas gandeiras. Existe tamén información completa e de soporte técnico e legal nas páxinas web da Consellería do Medio Rural

